



Concello de Mazaricos

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA E O PROCESO DE SELECCIÓN, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DE UN PEÓN INTEGRANTE DA CUADRILLA DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MAZARICOS, A TRAVÉS DO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO

1º.- Obxecto das Bases.

Estas bases teñen por obxecto a contratación de **UN** traballador/a, na categoría de **PEÓN**, para a realización do proxecto “*Limpeza de contornas arqueolóxicas en montes, mantemento da senda ornitolóxica e tarefas de valorización de ribeiras fluviais*” en diferentes puntos do termo municipal do Concello de Mazaricos. A tales efectos as funcións que lle corresponden son as seguintes:

- Limpeza e desbroce de vexetación.
- Explanación de terreo, nivelación e aportación do firme onde sexa necesario.
- Apertura de gabias de saneamento onde sexa preciso.
- Tala de arborado e incorporación de especies autóctonas.
- Aportación de terra vexetal nas zonas onde fora necesario.
- Reposición de afirmados.
- Outras funcións análogas.

A contratación efectuarase de conformidade cos requisitos e condicionantes establecidos pola *ORDE do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural)*, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (DOG nº 21 do 1 de febreiro de 2022).

Non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde as persoas traballadoras que fosen contratadas, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, (art. 14.2 da *ORDE do 7 de xaneiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade*).

2º.- Normativa aplicable.

- Lei 5/2015, de 30 de Outubro, polo que se aproba o Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público
- Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para la Reforma de la Función Pública
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, de regras básicas e programas mínimos a que se debe axusta-lo procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local
- Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado
- Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia



Concello de Mazaricos

- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia;
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.
- Restante normativa vixente na materia.

3º.- Modalidade e duración do contrato.

A modalidade será a de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (Disposición final 2ª do Real Decreto Lei 32/2021 do 28 de decembro – código 405) cunha duración de **NOVE MESES**, a xornada completa (37,30 horas á semana).

Ao contrato incorporaranse as cláusulas específicas de traballos de interese social.

As retribucións ascenden a **1.166,67 €/mes**, teñen carácter bruto e inclúen a parte proporcional das pagas extraordinarias.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e de luns a venres, adaptaranse ás necesidades do servizo.

A cuadrilla dependerá organicamente do Alcalde-Presidente do Concello de Mazaricos.

4º.- Condicións dos aspirantes

Para tomar parte no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias:

- Ter a nacionalidade española, ou reunir os requisitos de nacionalidade e parentesco esixidos no art. 57 do Estatuto Básico do Emprego Público.
- Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter alcanzado a idade de xubilación.
- Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións habituais do posto ó que aspira.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin estar habilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
- Non estar afectado por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.
- Estar en posesión do certificado de escolaridade, EXB, ESO ou equivalente.
- Dispor de carné de conducir tipo B.
- Estar inscrito como demandante de emprego
- Non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde as persoas traballadoras que fosen contratadas, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, (art. 14.2 da *ORDE do 7 de xaneiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade*).



Concello de Mazaricos

Será nulo o nomeamento das persoas que estean incursas en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

5º- Solicitudes

O Concello de Mazaricos solicitará ó Servizo Público de Emprego, a través dunha oferta de emprego, que remita unha lista de persoas que cumpran os requisitos para acceder ás prazas convocadas, cun máximo de **4 PERSOAS POR PRAZA OFERTADA**. O Concello de Mazaricos convocará aos participantes remitidos pola oficina de emprego dándolles un prazo para presentarse nas súas oficinas.

As persoas preseleccionadas pola oficina de emprego que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán presentar unha instancia, seguindo o modelo **ANEXO-I** que figura como anexo ás presentes bases e que incluírá a manifestación de que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

A solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral Municipal, durante o prazo de **CINCO (5) días** hábiles contados a partir do día sinalado para presentarse no Concello de Mazaricos. O prazo de presentación de solicitudes conclúe ás **15:00 horas** do último día do devandito prazo. As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, neste último caso, deberá anticiparse a presentación da solicitude de participación, a través de calquera medio que permita deixar constancia (fax, telegrama etc...) que deberá ter entrada no rexistro do Concello antes de que remate o prazo e hora fixados como o último día para a presentación de solicitudes.

A instancia irá acompañada da documentación seguinte:

- Fotocopia do D.N.I. ou resgardo do mesmo, ou pasaporte. No suposto de nacionais doutros estados, pasaporte ou documento válido que acredite a súa identidade e o visado correspondente, de ser este esixible; e no seu caso, o permiso de residencia en vigor.
- Fotocopia das titulacións esixidas na convocatoria.
- Fotocopia do permiso de condución.
- Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego actualizada.
- Documentos oficiais que testemuñen as situacións de exclusión social:
 - a) A condición de muller e a idade acreditarase mediante a presentación de fotocopia do DNI.
 - b) A situación de discapacidade acreditarase mediante fotocopia do Certificado do grado de minusvalía emitido polo Equipo de Valoración e orientación da Consellería de Política Social
 - c) A condición de persoa desfavorecida, en risco de exclusión social, e de vítima de violencia de xénero será acreditado mediante Informe dos servizos sociais comunitarios básicos.
 - d) A condición de parado de longa duración acreditarase **mediante informe de vida laboral actualizado e informe do período de inscrición como demandante de emprego** emitido polo Servizo público de emprego de Galicia. Terán esta consideración aquelas persoas cunha antigüidade como desempregadas de, polo menos, 12 meses durante os últimos dezaoto.



Concello de Mazaricos

- e) A condición de esgotamento das prestacións de desemprego acreditarase co informe ao respecto emitido polo Servizo Público de emprego de Galicia.

6º- Admisión de candidatos.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación, ditará Resolución dentro dos **TRES (3) días** hábiles seguintes na que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello e tamén se anunciará a título meramente informativo na páxina web municipal na mesma data.

Concederáse un prazo de **TRES (3) días hábiles** para os efectos de reclamacións ou subsanacións de erros. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas. De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva.

No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá ditarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.

As reclamacións, se as houberse, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará a convocatoria do tribunal para a valoración dos méritos alegados polos aspirantes.

7º- Tribunal Cualificador.

O tribunal terá a seguinte composición, de acordo co art. 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e normativa concordante: un presidente, tres vogais e un secretario, que serán nomeados na resolución definitiva de aspirantes admitidos-excluídos.

Os integrantes do tribunal deberán absterse de formar parte destes, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de máis da metade dos seus membros, sexan, indistintamente, titulares ou suplentes. En todo caso será necesaria a presenza do Presidente/a e do Secretario/a ou de quen os substitúan.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas cando o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto.

As resolucións do tribunal vinculan á administración sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder a súa revisión de acordo co previsto no artigo 106 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

8º- Selección dos aspirantes.



Concello de Mazaricos

A selección dos aspirantes efectuarase polo sistema de **OPOSICIÓN**. A oposición consistirá na realización de unha proba práctica co seguinte detalle:

- Manexo dunha desbrozadora manual, valorándose a actitude, rapidez, habilidade e coñecementos no manexo, a calidade do traballo realizado, a non afección de especies protexidas, a limpeza e recollida selectiva de residuos, adopción de medidas de seguridade e hixiene no traballo, ou calquera outra tarefa/s relacionada/s co posto.

Esta proba será determinada polo tribunal antes do comezo da súa realización debendo ser executada en tempo e na forma que o tribunal determine.

Puntuarase **ata un máximo de 10,00 puntos**. Para superar a proba os aspirantes deberán de obter unha puntuación total igual ou superior a 5,00 puntos.

Os aspirantes deberán acudir á proba na hora e data do respectivo chamamento, sen posibilidade de aprazamento calquera que fose a causa que lles impedira acudir, salvo os casos debidamente xustificadas que serán libremente apreciados polo tribunal. Os aspirantes deben acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI, pasaporte ou carné de conducir.

A actuación dos aspirantes no exercicio levarase a cabo por orde alfabética, empezando por aqueles que teñan como inicial do primeiro apelido a letra "T", conforme á Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 28 de xaneiro de 2022 (DOG nº 24 do 4 de febreiro de 2022).

A valoración do exercicio realizado farase de acordo cos criterios establecidos na seguinte táboa:

Calidade do exercicio realizado	Puntuación
<i>Moi axeitado</i>	<i>De 8 a 10 puntos</i>
<i>Bastante ben axeitado</i>	<i>De 5 a 7 puntos</i>
<i>Minimamente axeitado</i>	<i>De 1 a 4 puntos</i>
<i>Nada axeitado</i>	<i>0 puntos</i>

As cualificacións dos exercicios faranse públicas o mesmo día en que se acorden e serán expostas no Taboleiro de anuncios do Concello (tamén no sitio web municipal www.mazaricos.gal).

Desempate

No suposto de empate a puntos entre dous ou máis candidatos/as este resolverase pola antigüidade na situación de desemprego, e se persiste o empate resolverase por sorteo no que estarán presentes os candidatos nesta situación.

9º- Relación de Aprobados

Rematada a cualificación dos aspirantes o Tribunal formará a relación de seleccionados pola orde de puntuación final obtida, non podendo superar estes o número de prazas convocadas e faraa pública no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web municipal.

De acordo coa relación, elevarase ao Sr. Alcalde, ademais da acta da sesión, a proposta de selección.



Concello de Mazaricos

Os/as aspirantes propostos/as achegarán no prazo de **CINCO (5) días hábiles**, contados a partir da publicación da lista de aprobados no Taboleiro de Edictos e na sede electrónica os documentos seguintes (no caso de non os ter xa presentado coa solicitude):

- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Documento Nacional de Identidade.
- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Título académico esixido e do permiso de conducir.
- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración xurada de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.
- Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoa con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4ª, non poderán formalizar o contrato e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrera por falsidade na solicitude de participación.

10º- Formalización do contrato.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos/as interesados/as, o Sr Alcalde efectuará o nomeamento a favor do/a candidato/a proposto/a e asinará o contrato laboral nun prazo máximo de **TRES (3) días hábiles**.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

11º- Lista de reserva

Na acta do proceso de selección, incluírase unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de designación, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante incluído nesta non fora nomeado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección. Ademais a relación quedará para poder ser utilizada ata o remate do contrato laboral da persoa seleccionada, como reserva (sempre respectando a orde da lista), para cubrir situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, ou calquera outra circunstancia, nos postos de traballo de equivalentes.



Concello de Mazaricos

Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ó remata-lo período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que poderá ser chamado para unha nova contratación.

12º- Recursos.

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas ou da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Concello de Mazaricos

ANEXO I

1º APELIDO:	2º APELIDO:	NOME:	
D.N.I./N.I.E./PASAPORTE Nº:	DATA DE NACEMENTO:	NACIONALIDADE:	
ENDEREZO:	C.P.:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:		TELÉFONO 1:	TELÉFONO 2:

EXPOÑO:

Á vista da convocatoria para a contratación dunha persoa na categoría de **PEÓN**, integrante da cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais, para a realización de traballos de *“Limpeza de contornas arqueolóxicas en montes, mantemento da senda ornitolóxica e tarefas de valorización de ribeiras fluviaís”* en diferentes puntos do termo municipal do Concello de Mazaricos (APROL RURAL 2022)

- **DECLARO reunir todas e canda unha das condicións que se esixen na base 4ª da convocatoria, e co coñecemento e expresa aceptación de tódolos termos da mesma.**
- **SOLICITO a miña participación no proceso selectivo de referencia de conformidade coas bases da convocatoria.**

Documentación que se achega xunto coa solicitude:

- Fotocopia de DNI
- Titulacións esixidas
- Permiso de condución
- Tarxeta de demandante de emprego **actualizada**
- Documento que acredite a situación de exclusión social
- Outra (indicar)

En Mazaricos, a de de 2022

Sinatura

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MAZARICOS (A CORUÑA)